

Lista de temas materiais e a súa cobertura 102-46; 103-1

Tema material	Onde se produce o impacto	Implicación de EROSKI	Motivo da súa materialidade
Desempeño económico (GRI 201)	Fóra e dentro da organización	Directa e indirecta	A xestión económica da organización ten un gran impacto nos distintos grupos de interese da entidade. Afecta ao número de empregos xerados, ás compras de produtos e servizos, á rede comercial, á estratexia empresarial, á xestión da débeda e á repartición de beneficios, entre outros aspectos.
Compra a fornecedores locais (GRI 204)	Fóra da organización	Directa	O volume de compras e o número de fornecedores que temos supón un impacto significativo no desenvolvemento dos fornecedores locais.
Comportamento empresarial ético e responsable (GRI 205)	Fóra e dentro da organización	Directa	Ter un comportamento empresarial ético e responsable é prioritario para os nosos grupos de interese, adoptando medidas para loitar contra a corrupción e o suborno.
Ecodeseño de envases e uso de materiais máis sostibles (GRI 301)	Fóra e dentro da organización	Directa e indirecta	A fabricación, uso e disposición de envases e embalaxes pode ter un impacto importante no medio ambiente. Por iso, optimizar o consumo de materiais e velar por integrar criterios de sustentabilidade é fundamental para os nosos clientes e a sociedade en xeral.
Pegada de carbono (GRI 305)	Fóra da organización	Directa e indirecta	O impacto na saúde humana e no clima que as emisións de gases de efecto invernadoiro producen é un dos grandes problemas ambientais actuais e de maior relevancia para os distintos grupos de interese.
Sustentabilidade na cadea de subministración (GRI 308-414)	Fóra da organización	Directa e indirecta	Xestionar de forma responsable a cadea de fornecedores, introducindo criterios sociais, ambientais e éticos favorece a implantación de políticas de responsabilidade en toda a cadea de valor.
Empregos estables e de calidade (GRI 401)	Fóra e dentro da organización	Directa	A estabilidade e a calidade do emprego son aspectos chave nunha organización como EROSKI, na que moitas persoas traballadoras son tamén propietarias da cooperativa e na que hai máis de 30.000 empregados directos.
Saúde e seguridade no traballo (GRI 403)	Dentro da organización	Directa	As persoas traballadoras son un dos nosos grupos de interese prioritario; por iso, previr os riscos laborais e promover a saúde e seguridade dos traballadores/as é un aspecto fundamental na organización.
Diversidade, igualdade de oportunidades e non discriminación (GRI 405-406)	Fóra e dentro da organización	Directa	Dispor de políticas de non discriminación e promover unha contorna laboral inclusiva baseada na diversidade, a multiculturalidade e a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes é un compromiso fundamental da nosa organización.
Apoio a iniciativas de acción social (GRI 413)	Fóra da organización	Directa	Participar activamente na sociedade mediante programas de acción social que contribúan ao desenvolvemento económico e social das comunidades onde operamos é un principio fundamental da cooperativa.
Produtos máis saudables (GRI 416)	Fóra e dentro da organización	Directa e indirecta	Como empresa de distribución alimentaria, garantir a calidade e seguridade de todos os produtos xunto cos nosos fornecedores é crítico para a organización. Dispor de produtos máis saudables e adaptados a dietas especiais é chave para dar resposta ás necesidades dos nosos clientes.
Responsabilidade na mercadotecnia e etiquetaxe (GRI 417)	Fóra e dentro da organización	Directa e indirecta	Aplicar criterios éticos e de responsabilidade nas comunicacións de mercadotecnia e etiquetaxe, unha atención diferencial e a mercadotecnia individualizada teñen unha gran relevancia para os nosos clientes.